142	2008	1198001068	44821567H	REY GARCIA JOSE	IVTM	Matrícula: 3677DHL	105,54
143	2008	1198001068	44821567H	REY GARCIA JOSE	TAVAR	LIQUIDACION POR SERV. GRUPO DE PROT. CIVIL NO ACCIDENTE DO	341,12
144	2009	1198001068	44821567H	REY GARCIA JOSE	IVTM	Matrícula: 8927DZJ	105,54
145	2010	1198001068	44821567H	REY GARCIA JOSE	MULTAS	SANC. TRÁFICO EXP.215/3771/10; VEHIC. MATRIC.8927DZJ	90,00
146	2007	1198001063	45870292N	REY MONTES LUIS DOMINGO	IVTM	Matrícula: M-0517-WZ	102,73
147	2008	1198001063	45870292N	REY MONTES LUIS DOMINGO	IVTM	Matrícula: M-0517-WZ	105,54
148	2009	1198001063	45870292N	REY MONTES LUIS DOMINGO	IVTM	Matrícula: M-0517-WZ	105,54
149	2010	1198001063	45870292N	REY MONTES LUIS DOMINGO	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	105,54
150	2007	1198000554	33286498R	RODRIGUEZ FERNANDEZ GABRIEL	IVTM	Matrícula: PO-5834-M	48,66
151	2007	1198000554	33286498R	RODRIGUEZ FERNANDEZ GABRIEL	IVTM	Matrícula: C-2042-AF	48,66
152	2008	1198000554	33286498R	RODRIGUEZ FERNANDEZ GABRIEL	IVTM	Matrícula: PO-5834-M	50,00
153	2008	1198000554	33286498R	RODRIGUEZ FERNANDEZ GABRIEL	IVTM	Matrícula: C-2042-AF	50,00
154	2009	1198000554	33286498R	RODRIGUEZ FERNANDEZ GABRIEL	IVTM	Matrícula: PO-5834-M	50,00
155	2009	1198000554	33286498R	RODRIGUEZ FERNANDEZ GABRIEL	IVTM	Matrícula: C-2042-AF	50,00
156	2010	1198000554	33286498R	RODRIGUEZ FERNANDEZ GABRIEL	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	50,00
157	2010	1198000554	33286498R	RODRIGUEZ FERNANDEZ GABRIEL	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	50,00
158	2007	1198001055	33219755G	RODRIGUEZ FERNANDEZ MANUEL	IVTM	Matrícula: C-4961-BF	102,73
159	2008	1198001055	33219755G	RODRIGUEZ FERNANDEZ MANUEL	IVTM	Matrícula: C-4961-BF	105,54
160	2009	1198001055	33219755G	RODRIGUEZ FERNANDEZ MANUEL	IVTM	Matrícula: C-4961-BF	105,54
161	2010	1198001055	33219755G	RODRIGUEZ FERNANDEZ MANUEL	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	105,54
162	2007	1198001100	76517359Q	RODRIGUEZ GONZALEZ MARIA DEL MAR	IVTM	Matrícula: 8075DGB	60,37
163	2008	1198001100	76517359Q	RODRIGUEZ GONZALEZ MARIA DEL MAR	IVTM	Matrícula: 8075DGB	62,02
164	2009	1198001100	76517359Q	RODRIGUEZ GONZALEZ MARIA DEL MAR	IVTM	Matrícula: 8075DGB	62,02
165	2010	1198001100	76517359Q	RODRIGUEZ GONZALEZ MARIA DEL MAR	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	62,02
166	2007	1198001104	33280047J	RODRIGUEZ LOURO EVA MARIA	IVTM	Matrícula: 6052BVZ	48,66
167	2008	1198001104	33280047J	RODRIGUEZ LOURO EVA MARIA	IVTM	Matrícula: 6052BVZ	50,00
168	2009	1198001104	33280047J	RODRIGUEZ LOURO EVA MARIA	IVTM	Matrícula: 6052BVZ	50,00
169	2010	1198001104	33280047J	RODRIGUEZ LOURO EVA MARIA	MULTAS	SANC.TRÁFICO EXDTE.801/1702/09; VEHÍCULO 6052BVZ ;	90,00
170	2007	1198001054	76496199Q	RODRIGUEZ MIGUENS RAMON	IVTM	Matrícula: C-9608-A	48,66
171	2007	1198001054	76496199Q	RODRIGUEZ MIGUENS RAMON	IVTM	Matrícula: C-8934-F	18,02
172	2007	1198001074	33215189S	ROMERO SANTOS JUAN SANTIAGO	IVTM	Matrícula: C-1993-AJ	48,66
173	2008	1198001074	33215189S	ROMERO SANTOS JUAN SANTIAGO	IVTM	Matrícula: C-1993-AJ	50,00
174	2009	1198001074	33215189S	ROMERO SANTOS JUAN SANTIAGO	IVTM	Matrícula: C-1993-AJ	50,00
175	2010	1198001074	33215189S	ROMERO SANTOS JUAN SANTIAGO	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	50,00
176	2007	1198001072	33287142R	ROMEU REY ROBERTO	IVTM	Matrícula: PO-3033-AF	21,62
177	2007	1198001072	33287142R	ROMEU REY ROBERTO	IVTM	Matrícula: C-6586-BNB	7,44
178	2007	1101004441	79335482H	RONQUETE OTERO RAQUEL MARIA	IVTM	Matrícula: 0603CZJ	102,73
179	2007	1198001060	79327392R	SAAVEDRA BARREIRO M.DEL MAR	IVTM	Matrícula: LU-6034-I	102,73
180	2008	1198001060	79327392R	SAAVEDRA BARREIRO M.DEL MAR	IVTM	Matrícula: LU-6034-I	105,54
181	2009	1198001060	79327392R	SAAVEDRA BARREIRO M.DEL MAR	IVTM	Matrícula: LU-6034-I	105,54
182	2010	1198001060	79327392R	SAAVEDRA BARREIRO M.DEL MAR	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	105,54
183	2009	1198001061	76510668H	SANCHEZ LOJO EMMA	IVTM	Matrícula: C-9919-AY	50,00
184	2010	1198001061	76510668H	SANCHEZ LOJO EMMA	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	50,00
185	2007	1198001061	76510668H	SANCHEZ LOJO ENMA	IVTM	Matrícula: C-1684-V	48,66
186	2008	1198001061	76510668H	SANCHEZ LOJO ENMA	IVTM	Matrícula: C-1684-V	50,00
187	2007	1198001077	07417111W	SANCHEZ SANCHEZ SERAFIN	IVTM	Matrícula: 9578BHZ	102,73
188	2008	1198001077	07417111W	SANCHEZ SANCHEZ SERAFIN	IVTM	Matrícula: 9578BHZ	105,54
189	2007	1198001088	33236002J	SANDIAS ARUFE MANUEL	IVTM	Matrícula: C-3107-U	48,66
190	2008	1198001088	33236002J	SANDIAS ARUFE MANUEL	IVTM	Matrícula: C-3107-U	50,00
191	2009	1198001088	33236002J	SANDIAS ARUFE MANUEL	IVTM	Matrícula: C-3107-U	50,00
192	2010	1198001088	33236002J	SANDIAS ARUFE MANUEL	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	50,00
193	2007	1198001090	45872786E	SEIJAS MATILLA FERNANDO CELESTINO	IVTM	Matrícula: PO-0415-AY	48,66
194	2009	1198001090	45872786E	SEIJAS MATILLA FERNANDO CELESTINO	IVTM	Matrícula: PO-0415-AY	50,00
195	2010	1198001090	45872786E	SEIJAS MATILLA FERNANDO CELESTINO	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	50,00
196	2007	1198001102	23231876J	SUAREZ VILANOVA ERUNDINA	IVTM	Matrícula: C-5040-BL	48,66
197	2008	1198001102	23231876J	SUAREZ VILANOVA ERUNDINA	IVTM	Matrícula: C-5040-BL	50,00
198	2009	1198001102	23231876J	SUAREZ VILANOVA ERUNDINA	IVTM	Matrícula: C-5040-BL	50,00
199	2010	1198001102	23231876J	SUAREZ VILANOVA ERUNDINA	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	50,00

200	2008	1198000838	76967422S	TEIRA CERQUIDES EVA	AGUAS	CL FRANCISCO ROMERO BLANCO, 7 Edif. ED.FREIRE, 3º A	33,92
201	2008	1198000838	76967422S	TEIRA CERQUIDES EVA	AGUAS	CL FRANCISCO ROMERO BLANCO, 7 Edif. ED.FREIRE, 3º A	18,08
202	2009	1198000838	76967422S	TEIRA CERQUIDES EVA	LIXOS	FRANCISCO ROMERO BLANCO 7 3º ED.FREIRE	30,60
203	2009	1198000838	76967422S	TEIRA CERQUIDES EVA	AGUAS	RUA FRANCISCO ROMERO BLANCO, 7 Edif. ED.FREIRE, 3º A	70,87
204	2010	1198000838	76967422S	TEIRA CERQUIDES EVA	AGUAS	RUA FRANCISCO ROMERO BLANCO, 7 Edif. ED.FREIRE, 3¦ A	107,24
205	2007	1198001119	76967709A	VAZQUEZ CAMINO MONICA	IVTM	Matrícula: 9457CJP	102,73
206	2008	1198001119	76967709A	VAZQUEZ CAMINO MONICA	IVTM	Matrícula: 9457CJP	105,54
207	2009	1198001119	76967709A	VAZQUEZ CAMINO MONICA	IVTM	Matrícula: 9457CJP	105,54
208	2010	1198001119	76967709A	VAZQUEZ CAMINO MONICA	IVTM	PADRÓN IVTM 2010	105,54
209	2007	1101004444	33273844C	VIGO BLANCO JOSE ANTONIO	IVTM	Matrícula: C-8097-CC	102,73
210	2007	1198001111	76779251F	VILA RODRIGUEZ JUAN JOSE	IVTM	Matrícula: C-4391-BG	48,66
211	2007	1198001111	76779251F	VILA RODRIGUEZ JUAN JOSE	IVTM	Matrícula: 0053BYK	7,44
212	2007	1198001111	76779251F	VILA RODRIGUEZ JUAN JOSE	IVTM	Matrícula: 5995FFZ	21,62
213	2007	1198001111	76779251F	VILA RODRIGUEZ JUAN JOSE	IVTM	Matrícula: 5429DGK	21,62
214	2009	1198001111	76779251F	VILA RODRIGUEZ JUAN JOSE	IVTM	Matrícula: 0053BYK	7,64
215	2009	1198001111	76779251F	VILA RODRIGUEZ JUAN JOSE	IVTM	Matrícula: 5429DGK	22,23
216	2009	1198001111	76779251F	VILA RODRIGUEZ JUAN JOSE	IVTM	Matrícula: 1884FXN	79,30
217	2008	1198000859	33238305Q	VILLAR GOMEZ RAMON	LIXOS	LAXE 36	15,30
218	2008	1198000859	33238305Q	VILLAR GOMEZ RAMON	LIXOS	LAXE 36	15,30
219	2008	1198000859	33238305Q	VILLAR GOMEZ RAMON	AGUAS	CL LAXE, 36	11,27
220	2008	1198000859	33238305Q	VILLAR GOMEZ RAMON	AGUAS	CL LAXE, 36	13,67
221	2009	1198000859	33238305Q	VILLAR GOMEZ RAMON	LIXOS	LAXE 36	30,60
222	2009	1198000859	33238305Q	VILLAR GOMEZ RAMON	AGUAS	RUA LAXE, 36	27,35
223	2010	1198000859	33238305Q	VILLAR GOMEZ RAMON	AGUAS	RUA LAXE, 36	58,10

(1) Este importe incrementarase coa correspondente recarga, xuros e custas.

CLAVES DE IDENTIFICACIÓN DO CONCEPTO: IVTM (imposto vehículos tracción mecánica), LIXOS (taxa recollida lixo), ICIO (imposto construccións, instalacións e obras), AGUAS (taxa suministro de auga potable / saneamento / mantemento de contadores), TAVAR (taxa servicio intervención protección civil, ord.27), ENTRADAS/RESERVAS (taxa reserva espacio entrada/saida vehículos / vados permanentes), POSTOS (taxa ocupación vía pública con postos de venda ambulante), MATERIAIS (taxa ocupación vía pública con materiais), SUBSOLO (taxa ocupación do chan e subchán), MESAS (taxa ocupación con mesas e sillas), PLUS (imposto incremento valor dos terreos de natureza urbana).

NOIA, a 12 de mayo del 2011

O TESOUREIRO,

Asdo.: Xaime Lopez García.

2011/6852

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Exposición pública licenza de actividade para instalar unha fábrica de colchóns na parcela nº 111 do parque empresarial de Ordes, promovida por Antonio Muíño, SL

EDICTO

Exposición pública licenza de actividade para instalar unha fábrica de colchóns na parcela nº 111 do Parque Empresarial de Ordes, promovida por Antonio Muíño, SL

Antonio Muíño, SL solicitou desta Alcaldía licenza municipal para instalar unha fábrica de colchóns na parcela nº 11 do Parque Empresarial, concello de Ordes, cumprindo o disposto no art. 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo –que comezará a contarse dende a publicación do último anuncio no Boletín Oficial de Provincia ou no DOGA - poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Ordes, 9 de maio de 2011

O Alcalde,

Asdo.: Manuel Regos Boquete

2011/6854

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Aprobación defintiva, publicación texto Regulamento praza de abastos

EDICTO

Polo pleno do Concello en sesión ordinaria, de data 27 de abril de 2.011, unha vez resoltas as reclamacións presentadas durante o prazo de exposición ao público, aprobouse definitivamente o regulamento da praza de abastos de Ordes.

De conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, faise público o texto integro do regulamento, sen que este entre en vigor ata que se leve a cabo a devandita publicación e teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 do devandito texto legal.

Contra o regulamento, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia, poderá interporse recurso contencioso administrativo nos termos establecidos na Lei reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa

Ordes, 2 de maio de 2011

El Alcalde-Presidente

Manuel Regos Boquete

REGULAMENTO MUNICIPAL DA PRAZA DE ABASTOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade comercial polo miúdo exercida na Praza de Abastos municipal de Ordes estaba ordenada ata a data polo Regulamento dos mercados de abastos aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión do 30 de xuño de 1980.

Na actualidade, considérase precisa a modificación do dito regulamento e a súa adecuación ás necesidades que require a obrigada modernización das estruturas comerciais da vila de Ordes.

O presente regulamento ten por obxecto regular o réxime de explotación do mercado municipal de Ordes co fin de prestar un servizo público esencial e obrigatorio, de conformidade co disposto nos artigos 26, letra “b”, e 25.2.g da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cuxa reserva a favor das entidades locais declárase no artigo 86.3 do citado corpo legal.

O seu fundamento é promover a concorrencia, competencia e multiplicidade de postos de venda de xeito que se preste un eficaz e bo servizo que beneficie indiscriminadamente a toda a poboación, poñendo a disposición dos cidadáns os produtos de consumo na mellor calidade posible e os prezos máis alcanzables.

O Concello de Ordes asume esta responsabilidade velando, na esfera da súa competencia, polo seu bo funcionamento.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1º.

O Concello de Ordes, en exercicio da potestade regulamentaria que lle confiren os artigos 4.1, letra “a”, e 84.1, letra “a”, da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa concordante, aproba o presente regulamento sobre a organización e funcionamento do mercado municipal, de acordo co disposto nos artigos 25.2.g da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e 80.2.g da Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, a Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia e a Lei 7/96, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo, regula a actividade dos mercados en todo o termo municipal e dentro do recinto da Praza de Abastos, de propiedade municipal.

De conformidade co disposto no artigo 26.1.b da Lei 7/1985 e 81, letra b, da Lei 5/1997, o citado servizo é de prestación obrigatoria polo municipio de Ordes, declarándose a reserva en favor do Concello do citado servizo polo artigo 86, apartado 3, do citado corpo normativo.

O mercado municipal ostenta a condición de servizo público, polo que o Concello de Ordes exercerá a necesaria intervención administrativa, a vixilancia sanitaria e cantas funcións impliquen exercicio de autoridade e sexan da súa competencia.

Artigo 2º.

Este regulamento ten por obxecto regular o funcionamento do servizo de abasto público nos mercados municipais, así como establecer o seu réxime administrativo.

De conformidade co sinalado no artigo 85 da Lei 7/85, de 2 de abril, o citado servizo poderá xestionarse directa ou indirectamente mediante calquera das formas sinaladas no citado artigo.

Artigo 3º.

A prestación deste servizo desenvolverase de acordo co establecido neste regulamento e acordos e/ou resolucións que en aplicación do mesmo se diten, sen que poida vulnerarse a liberdade de concorrencia respecto a outras iniciativas públicas e/ou privadas.

Artigo 4º.

O mercado é un centro de abastecemento establecido polo Concello para a venda polo miúdo de artigos alimenticios en réxime de libre competencia mediante a concorrencia e multiplicidade de paradas de venda tendentes a cubrir, na medida do posible, as necesidades da poboación.

De forma excepcional e previa autorización outorgada polo órgano competente do Concello, poderase autorizar a venda polo miúdo de produtos non alimenticios coa finalidade de mellorar os servizos que se ofrecen aos usuarios da praza.

Non se autorizarán, en caso ningún, a realización de calquera tipo de actividade que poida supoñer un risco para a seguridade, salubridade ou hixiene.

Artigo 5º.

O inmoble onde se sitúa o mercado de abastos sitúase na Rúa do Mercado nº 22, sendo un ben demanial de servizo público e uso comercial, e figurando inscrito no libro de inventario e rexistro de bens do Concello.

En concreto, os postos de venda situaranse na planta baixa do edificio citado.

Así mesmo, todos os postos de venda existentes no mercado son propiedade do Concello, sendo pola súa natureza inalienables, imprescritibles e inembargables. Tampouco poderán ser transferidos, salvo na forma e nos casos que autoriza o presente regulamento.

Artigo 6º.

A ocupación, en concreto, de cada posto revestirá os caracteres propios dunha concesión administrativa demanial, a cal outorgarase segundo os artigos 93 e seguintes da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de patrimonio das Administracións públicas, os artigos 78 e seguintes do Real decreto 1732/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das Entidades Locais e demais normativa (estatal, autonómica e incluso local) que a desenvolva ou complemente.

Artigo 7º.

A actividade comercial en cada posto xirará a nome do titular autorizado polo Concello, podendo este contratar os servizos de terceiras persoas, debendo cumprir neste caso, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, ostentando a todos os efectos a condición de empresario respecto ao dito persoal.

Nin o titular nin o persoal contratado por este adquirirá relación laboral ningunha co Concello de Ordes derivada da concesión demanial.

CAPÍTULO II.- DAS CONDICIÓNS DE FUNCIONAMENTO DO MERCADO

Artigo 8º.

Todos os produtos alimentarios que se introduzan no recinto da praza de abastos, deberán acreditar as suficientes garantías hixiénico-sanitarias, de acordo co establecido no Real decreto 640/2006, de 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios, e nas demais disposicións concordantes.

Os vendedores terán á vista as existencias dos artigos que expenden, sen que se poida apartar, seleccionar ou ocultar parte deles, podendo o Concello obrigar que sexan postos á venda incluso os que se atopen depositados nas cámaras frigoríficas.

Así mesmo deberán ter á vista do público carteis, en caracteres perfectamente lexibles, que permitan ao público coñecer os prezos de venda de todos e cada un dos artigos á venda, quedando expresamente prohibido anunciar a voces tanto estes como os produtos e a súa calidade. Nos ditos carteis deberá especificarse, así mesmo, a unidade de medida (quilogramo, ducia, unidade, ..., segundo os casos) e a clasificación do artigo.

Non se permitirá a venda mesturada de produtos de distinta procedencia, debendo cumprirse en todo caso a normativa vixente sobre etiquetado e presentación dos produtos, en particular o Real Decreto 1334/1999, de 31 de xullo.

O incumprimento do sinalado no parágrafo anterior, así como a venda de produtos que non cumpran a normativa hixiénico sanitaria ou calquera outra que lles afecte (tallas mínimas no caso dos peixes, propiedade intelectual, ...) levará consigo o decomiso da mesma, sen prexuízo das sancións oportunas.

Artigo 9º.

Para a entrada na praza de abastos destes produtos poderáselles requirir aos introdutores o documento-declaración acreditativa da propiedade, a súa orixe ou lugar de adquisición, unidades e peso e aqueloutros datos que se consideren axeitados.

Así mesmo e en calquera momento poderáselles requirir aos vendedores a información sinalada no parágrafo anterior.

A descarga dos xéneros efectuarase durante as horas e na forma que determine o Concello, previa audiencia os adxudicatarios dos postos, debendo ter lugar en calquera caso fóra do horario comercialo do mercado.

Unha vez comunicado o horario de descarga non se permitirá descarga ningunha fóra deste. Non obstante, os concesionarios poderán solicitar por escrito á Administración que se lles permita a descarga de xénero en horario distinto ao sinalado con carácter xeral, debendo indicarse as razóns que o xustifiquen.

A autorización ou denegación da solicitude á que refírese o parágrafo precedente realizarase mediante escrito motivado, comunicándoselle por escrito ao solicitante. En caso ningún poderá autorizarse o cambio ou ampliación do horario de descarga se este repercutise no normal funcionamento do mercado ou puidese afectar á seguridade, sanidade, hixiene ou demais aspectos relacionados coa saúde pública en xeral.

Cando as mercadorías cheguen para a súa descarga fóra das horas sinaladas deberá acreditarse a dita autorización.

O transporte até o mercado e dentro do mesmo realizarase nas debidas condicións hixiénico-sanitarias, utilizando vehículos e medios de transporte axeitados.

Os adxudicatarios dos postos serán responsables dos danos que se causen, ao Concello ou a terceiras persoas, con motivo do transporte, carga ou descarga dos xéneros.

A colocación e depósito dos xéneros só se permitirá dentro dos postos ou lugares habilitados para elo, prohibíndose a utilización con tal fin das rúas ou pasos, as cales deberán permanecer libres para a fácil circulación dos compradores. Así mesmo prohíbese o traslado das mercadorías dun posto a outro durante as horas de apertura comercial. O sinalado no presente parágrafo será tamén de aplicación aos envases, embalaxes e calquera tipo de refugallos, os cales tampouco poderán depositarse na superficie destinada á exposición e venda.

O Concello non contraerá responsabilidade ningunha por perdas, deterioración de xéneros, danos resultantes de causas de forza maior, roubo ou desaparición das mercadorías.

Artigo 10º.

Non se permite exercer ningún tipo de actividade polo xunto ou mixta de produtos alimenticios de forma ambulante ou permanente, no recinto e nas inmediacións da Praza de Abastos. Queda totalmente prohibida a actuación de revendedores e de vendedores ambulantes con vehículos, postos móbiles ou desmontables, ou outros de calquera tipo instalados no recinto da Praza de Abastos así como nos seus arredores.

Non obstante, o Concello resérvase a potestade de organizar actividades puntuais (feiras de saldos, exposicións, ...) nos espazos do inmoble non ocupados por ningún titular.

Así mesmo o Concello poderá autorizar puntualmente a venda de produtos procedentes da súa colleita, no recinto do Mercado exclusivamente a aqueles agricultores produtores directos que o soliciten e obteñan a correspondente autorización municipal. Para isto deberán acreditar debidamente a súa condición de agricultores, o tipo de produtos que cultivan e pretenden vender, as cantidades aproximadas, as épocas da colleita, ...etc. Para estes efectos poderá outorgárselles unha autorización temporal sobre calquera dos postos que non teñan titular fixo, e aplicándoselles a condición de adxudicatario durante o tempo que dure a dita autorización, quedando suxeitos ás condicións preceptuadas no presente regulamento.

Artigo 11º.

O mercado permanecerá aberto ao público de luns a sábado en horario comercial, o cal será fixado polo Concello previa audiencia dos titulares dos postos, respectando en calquera caso a normativa vixente e, en particular, a Lei 13/2006, de 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia.. Os vendedores poderán entrar e saír da praza de abastos unha hora antes ou despois do horario de apertura para preparar ou retirar as súas mercadorías e realizar as funcións necesarias (limpeza do posto,apertura ou peche do mesmo, ...) así como no horario de descarga das mesmas.

Os titulares dos postos están obrigados a mantelos abertos e atendidos nos días e horas en que estea aberto ao público o mercado, salvo os períodos de vacacións ou autorización expresa do Concello. O prazo máximo de peche por vacacións será dun mes, en períodos non inferiores a sete días e nun prazo de doce meses, debendo ser comunicado e autorizado polo Concello.

O Concello poderá modificar o horario establecido cando o aconselle o interese común, a seguridade, os horarios de transporte ou calquera outra circunstancia obxectiva.

De forma expresa e coa debida antelación comunicaráselles as autorizacións de apertura ou peche en días non laborais.

CAPÍTULO IIII. USO E OCUPACIÓN DAS CASETAS OU POSTOS

Artigo 12º.

1. Corresponde ao Concello de Ordes a cesión da explotación dos postos a particulares, mediante o outorgamento de concesións administrativas.

2. O obxecto da concesión é o dereito a ocupar de modo privativo e con carácter exclusivo, un dos postos do mercado, coa finalidade e obriga de dedicala á venda polo miúdo dos artigos para o que o solicitase, dentro dos permitidos por este regulamento, sen que poida variarse a industria ou comercio que se exerza nel de acordo coa concesión outorgada, salvo autorización expresa do Concello.

3. O prazo da concesión será de 15 anos, admitíndose unha única prórroga por un período de cinco anos máis ata un máximo de 20 anos en total, contados desde a data na que foron concedidas inicialmente. As solicitudes de prórroga serán formuladas polos titulares cunha antelación de tres meses á finalización do prazo de vixencia da concesión.

4. O órgano competente determinará ó número, modalidade, situación e dimensións dos postos fixos da praza de abastos e que conterá un plano debidamente numerado.

5. Poderán ser titulares de concesións as persoas naturais ou xurídicas nas que non concorra prohibición para contratar, segundo o disposto pola normativa de contratación do sector público, e que reúnan os requisitos legais precisos para o desenvolvemento da actividade que pretenda.

6. A concorrencia sobrevida dunha prohibición para contratar determinará a extinción da concesión.

7. Previo trámite de audiencia, o Concello poderá pechar ou trasladar de posto a calquera concesionario sen xerar dereito a indemnización cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, na redistribución de espazos orientada a fomentar o rendemento comercial ou en calquera outra circunstancia análoga que redunde no beneficio da xeneralidade dos usuarios.

8. O Concello poderá pechar o mercado de abastos durante o tempo preciso para a realización das obras de mellora que sexan precisas para a satisfacción do interese público sen xerar dereito de indemnización aos concesionarios.

9. Os pregos que regulen o procedemento da concesión dos postos conterán como mínimo as seguintes determinacións:

a) Posto obxecto de concesión, descrición das súas características, e uso e actividades permitidos.

b) Obras e instalacións que deba realizar o concesionario.

c) Requisitos que deban cumpri-los licitadores.

d) Prazo de concesión.

e) Tipo de licitación da concesión.

f) Canon que, no seu caso deba satisfacerse ao concello.

g) Obrigas do concesionario

h) Causas de extinción da concesión.

10. Durante a vixencia da concesión, o titular estará obrigado a abonar o canon que, no seu caso, se establecese. polo aproveitamento privativo do posto concedido.

11. Na adxudicación dos postos en casetas que queden vacantes aplicaranse as disposicións vixentes en materia de contratación administrativa. A estes efectos as adxudicacións realizaranse por procedemento aberto segundo o establecido na normativa reguladora da contratación pública.

12. Dado o pequeno tamaño das casetas ou postos de venda procurarase que cada usuario que o desexe poida ter licenza para un mínimo de dúas contiguas, dando as máximas facilidades para que, solicitándoo debidamente, se poida proceder ao troco ou traspaso con ese fin.

13. O concesionario dun posto lindante terá un dereito de tanteo, sempre e cando o número de casetas das que sexa titular non exceda do máximo permitido.

14. O máximo de casetas por titular será de dous, quedando prohibida expresamente a anexión doutras casetas que, aínda que figuren a nome doutro titular, conformen unha única unidade de venda-negocio.

15. En supostos excepcionais, por acordo do órgano competente, e logo da proposta razoada do titular poderá conceder máis de 2 casetas, en función das necesidades da actividade a realizar.

16. Autorízase a colocación de expositores ou mostradores que unan as casetas que conforman un negocio co fin de dar unidade de exposición e mellorar o seu rendemento comercial. Deberán ser do modelo que aprobe o órgano municipal competente.

17. Non obstante o sinalado nos parágrafos anteriores, e para o caso de vendas efectuadas polos propios agricultores de produtos de tempada, a adxudicación axustarase ao procedemento seguinte:

a. Solicitude do interesado indicando os produtos que desexe ofertar e o período para o que se solicita o posto.

b. Xunto coa solicitude sinalada no parágrafo anterior deberá achegar:

i. D.N.I. ou documento equivalente.

ii. Documentación acreditativa da súa condición de agricultores.

iii. Certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, ou autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social.

c. O órgano competente, en función da solicitude e a dispoñibilidade de postos, poderá autorizar ou denegar a mesma, mediante resolución motivada que será notificada ao solicitante.

d. As autorizacións poderán ser revocadas unilateralmente pola Administración concedente en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

e. A autorización o será para un período mínimo de trinta días e un máximo de noventa días, sen posibilidade de prórroga.

f. Unha mesma persoa non poderá ser titular de máis dunha autorización para ocupar postos eventuais.

g. Queda prohibida a revenda de todos aqueles produtos previamente adquiridos en almacéns de distribución, lonxas e, en xeral, os que teñan unha orixe diferente á da propia explotación.

h. As autorizacións outorgaranse directamente aos peticionarios que reúnan as condicións requiridas por orde de entrada da solicitude no rexistro xeral, salvo si, por calquera circunstancia, se encontrase limitado o seu número, en cuxo caso o serán en réxime de concorrencia e se isto non fose procedente, por non ter que valorarse condicións especiais nos solicitantes, mediante sorteo.

i. A utilización estará suxeita a taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial de bens do dominio público local.

CAPÍTULO IV.- TRANSMISIÓNS E TRASPASOS

Artigo 13º.

A transmisión da concesión dos postos deberá realizarse da maneira que se regula neste Capítulo, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión.

No caso de que se produza de conformidade co disposto neste regulamento, os novos titulares sucederán en tódolos dereitos e obrigas ós anteriores titulares.

O prazo da concesión en caso de transmisión de calquera natureza, contará para o novo concesionario, dende a data do inicio da concesión e non dende a transmisión.

Artigo 14º.- Regras sobre a transmisión.

1. Dado o carácter dos bens sobre os que se exerce a actividade, en canto destinados a un servizo público e de titularidade demanial, co fin de evitar calquera especulación sobre estes, limitarase a transmisión das concesións dos postos ós supostos recollidos neste artigo.

2. No caso de falecemento do titular da concesión, ou cando este acadara a idade de xubilación ou legalmente fora declarado incapaz para o desenvolvemento da actividade propia da concesión, poderá, a instancia dos interesados, operala transmisión a favor do cónxuxe ou parella de feito que o sobreviva, fillos, netos, pais ou irmás do titular por esta orde. Dentro do mesmo grao darase preferencia ó que xustifique a súa colaboración no posto co titular, durante os tres anos anteriores á data de solicitude. Asimilarase a morte, a declaración de falecemento ou de ausencia do titular, segundo establece a lexislación civil.

No caso de sucesión testada na que se prevea esta situación estarase ó disposto no testamento en canto á persoa ou persoas a favor das que poida operar a transmisión, dentro sempre dos grados de parentesco recollidos no parágrafo anterior. Igualmente no caso de transmisión por xubilación, estarase prioritariamente á vontade do interesado.

Nestes supostos, deberá comunicarse e acreditarse a produción das devanditas circunstancias e solicita-la autorización para a transmisión dos postos, polos interesados ó concello no prazo de seis meses, a contar dende o día do falecemento do titular, xubilación, declaración de incapacidade para o desenvolvemento da actividade propia da concesión, declaración de falecemento ou declaración de ausencia. En caso contrario, declárase extinguida a concesión, sen dereito a indemnización por parte dos herdeiros ou do antigo concesionario, así como, polos que pretenden adquirilos.

3. Os postos tamén serán transmisibles por actos "inter vivos", pero unicamente a favor das seguintes persoas:

a) Parentes do titular de ata terceiro grao de consanguinidade ou afinidade.

b) Cónxuxe.

c) Persoas vinculadas por análoga relación de afectividade, que acrediten que conviven entre si, polo menos durante dous anos ininterrompidos ó momento anterior a que soliciten a transmisión.

4. No caso de persoas xurídicas, deberá solicitarse a autorización para a transmisión, con carácter previo á fusión, absorción ou escisión. Unha vez autorizada dispoñen dun prazo de seis meses para formalizala e comunicala ó concello. De non acreditarse dita fusión, absorción ou escisión,no devandito prazo, enténdese non transmitida, e que o anterior concesionario, segue sendo o titular, sempre que exista, senón enténdese extinguida sen dereito a indemnización. De necesitarse un prazo maior, para levar a cabo ditas actuacións mercantís deberá solicitarse e acreditarse debidamente, resolvendo o concello o que proceda. Dita solicitude será con carácter previo o transcurso do prazo de seis meses.

5. Os novos titulares deberán cumprir os mesmos requisitos fixados neste regulamento para ser concesionario, e sinaladamente as condicións previstas nos pregos de condicións reitores da adxudicación inicial dos postos.

6. O novo concesionario terá os mesmos dereitos e obrigas que o anterior.

7. Tódalas transmisións deberán ser autorizadas por resolución do órgano competente, nos termos recollidos nesta sección, previo pago das taxas establecidas na correspondente ordenanza fiscal.

8. Os novos titulares deberán satisface-los dereitos que correspondan pola transmisión, así como repoñe-las garantías prestadas polo anterior titular e subrogaranse de xeito automático nas débedas que en virtude da concesión tivera aquel.

Artigo 15º.- Procedemento de transmisión.

1. O procedemento para a transmisión axustarase ao previsto neste artigo.

2. Iniciarase a instancia do concesionario, debendo constar na solicitude:

a) Nome, datos persoais e identificación fiscal do transmitente e do beneficiario.

b) Datos do posto ou postos que se pretende transmitir.

c) Circunstancia que xustifica a transmisión conforme ao recollido no artigo anterior, acompañando a documentación acreditativa correspondente.

d) Prezo inicial de adxudicación do posto que se pretende transmitir, e para o caso de non existir este farase constar a cantidade equivalente a unha anualidade vixente das taxas que se satisfagan pola prestación dos servizos ordinarios establecidos do posto que se pretende transmitir.

3. Recibida a solicitude de transmisión someterase o expediente a informe sobre a súa procedencia, propoñendo no seu caso facer uso do dereito de retracto do concello polo prezo inicial da adxudicación ou, no seu defecto, pola cantidade equivalente a unha anualidade da taxas que se satisfagan pola prestación dos servizos ordinarios establecidos do posto ou postos que se pretenden transmitir. O prazo do concello para facer efectivo o dereito de retracto será de 1 mes a partir da presentación da solicitude de transmisión con toda a documentación que deba acompañala.

4. En calquera dos casos antes previstos remitirase o expediente ós servizos da intervención municipal para que se realice a liquidación das taxas e dereitos que sexan de aplicación, así como das débedas que en relación co posto que se traspase existan co concello.

5. A liquidación será aprobada na resolución na que se autorice o traspaso. No caso de que o concello exercera o dereito de retracto, na resolución de aprobación da liquidación poderá acordarse a compensación de débedas de calquera tipo entre o transmitente e o concello.

6. Autorizada a transmisión, o beneficiario disporá dun prazo de 1 mes para presentar no concello a documentación acreditativa de cumprir cos requisitos fixados neste regulamento e nos pregos de adxudicación da concesión inicial, nos que se subrogará a tódolos efectos, para ser titular do posto transmitido e para poder exerce-la actividade que pretende.

Cumprimentado este trámite e dentro do mesmo mes procederase a formaliza-lo novo contrato en documento administrativo, que asinará o novo concesionario e a autoridade competente.

No caso de non presenta-lo beneficiario a documentación requirida no prazo fixado ou non asina-lo contrato, perderá o seu dereito a recibi-la transmisión autorizada, quedando o posto de titularidade municipal.

Artigo 16º.- Autorización municipal.

A transmisión dos postos prevista nesta sección, requirirá que se cumpra o disposto na mesma para que a transmisión se produza validamente.

As transmisións do posto que non conten con autorización municipal producirán a extinción da concesión sen dereito a indemnización.

Queda prohibido o subarrendo, aluguer ou calquera outra modalidade de cesión temporal dos postos e mesas do mercado.

Artigo 17º.- Permanencia na actividade.

En calquera dos supostos de transmisión recollidos no artigo 14, os postos deberán continuar abertos e exercéndose neles a mesma actividade comercial autorizada.

Soamente se permitirá a inactividade ou peche durante o prazo de seis meses, a contar dende a data do falecemento do titular, xubilación, declaración de incapacidade para o desenvolvemento da actividade propia da concesión, declaración de falecemento ou declaración de ausencia, salvo que instancia da parte interesada e xustificadamente se solicite a concesión dun prazo superior e se aprobe polo concello.

Se a inactividade ou peche excedera do prazo previsto, declararase extinguido calquera dereito sobre a titularidade do posto ou espazo e vacante este, sen dereito a indemnización algunha polos particulares.

CAPÍTULO V.- EXTINCIÓN DAS CONCESIÓNS E AUTORIZACIÓNS

Artigo 18º .

1. Sen prexuízo do disposto noutros artigos deste regulamento, as concesións de postos da praza de abastos extinguiranse polas seguintes causas:

a) Morte do titular, salvo o establecido no art. 14 deste regulamento.

b) Caducidade polo transcurso do prazo da concesión.

c) Traslado da praza de abastos.

d) Desaparición da praza de abastos.

e) Renuncia do titular.

f) Desafectación da praza de abastos.

g) Declaración de concurso ou insolvencia do concesionario en calquera procedemento.

h) Perda de algunha das condicións esixidas para optar á autorización, en especial a existencia de incapacidade ou incompatibilidade para contratar, de conformidade co que se establece nas disposicións legais.

i) Transmisión “inter vivos” da concesión sen autorización do concello.

j) Declaración de vacante do posto.

k) Grave incumprimento das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de hixiene e limpeza dos postos.

l) Por sanción por parte da Administración Municipal pola comisión dunha falta moi grave, previa instrución do oportuno expediente e audiencia ao interesado.

m)Cando se poñan á venda artigos ou xéneros diferentes dos solicitados sen ter obtido previamente a autorización municipal.

n) Cando se realicen ou executen obras, modificación da estrutura ou instalacións de postos sen autorización previa e expresa do Concello.

o) Falta de pagamento do canon que, no seu caso, se estableza durante dous vencementos consecutivos, podendo o Concello ampliar o prazo por unha causa xustificada.

p) Polas demais causas previstas nos pregos de condicións que rexerán cada concesión.

2. No suposto de traslado da praza de abastos, outorgarase ao antigo concesionario un posto similar na nova praza polo tempo que reste da concesión.

Artigo 19º .

A autorización para a instalación de postos eventuais extinguirase, ademais de polas causas previstas nas letras a), b), c), d), e) e f) do parágrafo 1. do artigo anterior, polas seguintes:

a) Pola non ocupación do espazo autorizado durante quince días consecutivos sen causa xustificada comunicada ao concello.

b) Por ocupar o vendedor concesionario un espazo distinto ao sinalado na autorización.

c) Por non satisfacer puntualmente o vendedor concesionario a taxa que, no seu caso, poida establecerse

Artigo 20º .

A extinción das autorizacións polos motivos recollidos nas disposicións anteriores non conlevará ningunha indemnización nin restitución por danos e prexuízos esixibles á Administración Municipal.

CAPÍTULO VI. DO DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO.

Artigo 21º.

Declarada a extinción da concesión, calquera que sexa a causa, o adxudicatario deberá desaloxar o posto no prazo de 15 días desde que sexa requirido formalmente para elo.

Se no referido prazo non levara a efecto o desaloxo o Concello poderá acordar o desafiuzamento en vía administrativa.

Chegado o momento do desafiuzamento, de non efectuarse voluntariamente, será levado a efecto polo persoal designado polo Concello, con auxilio da Policía Local, sendo de conta do desafiuzado todos os gastos derivados da execución do desafiuzamento.

CAPÍTULO VII.- DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS

Artigo 22º.

1. Os concesionarios dos postos deberán cumprir as seguintes obrigas:

a) Rexentar o posto que lle foi adxudicado.

b) Os vendedores están obrigados a usar mandilón, guantes e gorros de protección.

c) Os vendedores de produtos alimenticios deberán estar habilitados mediante a posesión do carné de manipulador de alimentos que outorga a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.

d) Manter en perfecto estado de conservación, aseo e limpeza os seus respectivos postos, obras e instalacións, e a parte do corredor de servizos lindeira co posto.

e) Facer o uso axeitado das instalacións comúns do mercado, evitando a acumulación de mercadorías nos corredores e escaleiras, así como o vertido de augas residuais e lixo.

f) Abrir e pechar o posto puntualmente, segundo o horario establecido satisfacer puntualmente o canon que, no seu caso, poida establecerse e as exaccións correspondentes.

g) Realiza-lo depósito ou verquido de residuos nas horas e nos colectores ou recipientes destinados para tal fin nas dependencias do mercado, trasladándoos en bolsas que impidan perder ou derrama-lo seu contido, que baixo ningún concepto poderá ser tirado ós corredores e outros lugares comúns.

h) Atender ós compradores coa debida deferencia.

i) Responder dos danos causados no posto, nas instalacións ou no edificio da Praza de Abastos.

j) Comunicar, mediante escrito, ao Concello, as altas e baixas das persoas que traballen no posto, debendo facelo no prazo de quince días a partires do seguinte ao que se produzan as citadas situacións.

k) Comunicar mediante escrito dirixido ó Sr. alcalde a situación de baixa laboral para os efectos de xustifica-la ausencia no posto.

l) Cumprir coa normativa vixente en materia laboral, de seguridade social e fiscal que sexa de aplicación á actividade que desenvolvan (pago de salarios e cotas de afiliación, alta no IAE, etc).

m) Empregar instrumentos de pesar e de medir axustados aos modelos autorizados, podendo o Concello, a través do persoal ao seu cargo, verificar a exactitude destes instrumentos, sen prexuízo das funcións de inspección que teñan encomendadas outras Administracións Públicas.

n) Ter á vista os produtos que comercialice sen que poidan ocultar, apartar ou seleccionar unha parte das existencias deles, salvo que pola súa cantidade ou pola forma de disposición non poidan ser colocados á vista.

o) Dispor de follas de reclamacións, sen prexuízo de que o público poida presentar as reclamacións que consideren oportunas ao concello a efectos informativos para que este adopte as medidas que considere pertinentes.

p) Declarar os datos que solicite a dirección da praza de abastos para os efectos estatísticos de información e control dos prezos e cantos outros poidan ser requiridos.

q) Acatar e cumprir as ordes e instrucións que para o bo funcionamento da praza de abastos reciban do Concello, do concelleiro delegado ou do persoal municipal encargado da Praza.

r) Acatar e cumprir as instrucións recibidas das autoridades sanitarias.

s) Colaborar cos responsables sanitarios e municipais no exercicio das súas funcións.

t) Conservar os documentos xustificativos da compra dos produtos, con identificación do nome do vendedor pos xunto, o seu domicilio, NIF , data e produto.

u) Os vendedores estarán obrigados a entregar, salvo renuncia do interesado, recibo, ticket ou factura da operación de compra.

v) Ter exposto ao público un taboleiro con prezos de todos os xéneros que expendan e, ademais, colocarán sobre as mercadorías bandeiriñas ou carteis en que se consigne o prezo por quilo, ducia ou unidade, e a clasificación do artigo, así como as demais mencións esixidas pola normativa aplicable.

w) Realizar pola súa conta e cargo as obras limitadas ou particulares que o Concello estime necesarias para que os postos estean en todo momento en perfecto estado de conservación e uniformidade. Tales obras esixiranse ou se autorizarán, previos os preceptivos informes do Departamento Municipal de Urbanismo.

x) Cumpri-las demais obrigas que resulten do presente regulamento e da lexislación sectorial aplicable en cada momento.

Artigo 23º .

Serán por conta do titular de cada posto, os custos de iluminación, enerxía eléctrica, teléfono, auga, refrixeración e demais servizos que instale, utilice ou consuma nel.

Artigo 24º .

A conservación, entretemento e limpeza do edificio, dos patios e instalacións de uso ou servizo común, así como a vixilancia da praza de abastos, dos postos, dependencias e asistencia técnica da maquinaria e instalacións do servizo común serán obrigas que asumirá o Concello.

Artigo 25º .

1. A limpeza interior dos respectivos postos e instalacións adscritas a cada un deles será responsabilidade dos seus titulares.

2. Os titulares dos postos deberán recollerán as varreduras, os refugallos, os residuos e os obxectos inservibles que resulten das súas operacións, en recipientes hermeticamente pechados que deberán xestionar segundo o establecido pola normativa aplicable.

Artigo 26º .

1. Os vendedores deberán vestir correcta e aseadamente a indumentaria axeitada e atenderán aos compradores coa debida amabilidade e deferencia, sen permitir que o público apalpe os artigos á venda. Empregarán bos modais nas súas relacións entre si, co público e cos representantes do Concello e cos outros praceiros.

2. Os vendedores deberán exhibir aos responsables sanitarios e aos funcionarios municipais da praza cantos artigos teñan para a venda, incluído os depositados nas cámaras, armarios ou vitrinas frigoríficas, sen que poidan opoñerse ao seu recoñecemento nin á súa inutilización, caso de que sexan declarados tralo ditame da inspección sanitaria, nocivos para a saúde pública.

3. Terán exposto ao público un taboleiro con prezos de todos os xéneros que expendan e, ademais, colocarán sobre as mercadorías bandeiriñas ou carteis en que se consigne o prezo por quilo, ducia ou unidade, e a clasificación do artigo, así como as demais mencións esixidas pola normativa aplicable.

Artigo 27 º.

Quédalles prohibido aos titulares dos postos e aos seus dependentes:

a) As vendas por xunto.

b) Pregoar a natureza e o prezo das mercadorías e chamar os compradores.

c) obstruír o tránsito nas zonas comúns da Praza de Abastos e expender as mercadorías fóra dos respectivos postos.

d) Realizar obras e instalacións nos postos sen a previa autorización municipal.

e) Cambiar a clase dos artigos de venda á que se destinase o posto sen autorización do Concello.

f) Manter no posto sacos, caixas, envases ou utensilios baleiros ou pouco limpos ou que lles afecten ás condicións hixiénico- sanitarias do lugar.

g) Dispor de recipientes e outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas ou almacenar calquera clase de produtos insalubres.

h) Utilizar recipientes ou medios de transporte que poidan ocasionar deterioro do pavimento do recinto.

i) Tirar lixo e residuos nas dependencias ou zonas de afluencia do público.

j) Expo-los produtos que precisan regulamentariamente conservación por frío fóra dos mobles frigoríficos adecuados en cada caso.

k) Reconxela-los alimentos que sufriran cambios de temperaturas que lles puidesen facer perde-las súas condicións específicas.

l) Vender a granel ou fraccionadamente cando estea prohibida dita forma de venda nas regulamentacións técnico-sanitarias ou normas específicas correspondentes.

m) Utilizar papeis periódicos, impresos, ..., para envolve-los produtos. Non terán a consideración de papel impreso o papel novo que leve consignado o nome, enderezo do vendedor ou outras indicacións sobre a cara que non vaia estar en contacto co alimento.

Artigo 28º .

Son dereitos dos concesionarios:

a) A utilización dos bens obxecto da concesión de conformidade co sinalado no presente regulamento e nos termos da autorización concedida.

b) A realización das vendas e transaccións que autoriza a concesión.

c) O abastecemento de mercadorías, nas condicións e horarios que estableza, facendo uso dos elementos comúns do mercado para tal fin.

d) Solicitar a dispensa do despacho nos postos por causas xustificadas.

e) Solicitar do Concello a realización de obras ou reparacións necesarias nos elementos comúns do mercado que afecten ao funcionamento do posto.

f) A traspasar a concesión do posto, previa autorización municipal.

g) A prorrogar o prazo da concesión segundo o establecido neste regulamento.

h) A realizar obras no posto, previa autorización municipal.

i) A solicitar e obter da Administración municipal a protección necesaria para poder prestar o servizo axeitadamente.

Artigo 29º .

Constitúen prohibicións específicas para os titulares dos postos, segundo a índole dos produtos en venda, as seguintes:

a) A venda de caza e mariscos durante as épocas de veda.

b) A venda de especies que non teñan tamaños mínimos regulamentariamente esixidos.

c) A venda de mariscos sen que conste a súa previa depuración e de calquera alimento perecedoiro caducado.

d) A venda de carnes frescas sen procedencia acreditada polos matadoiros ou salas de despece autorizados.

e) Calquera outro tipo de vendas que estean sometidas a prohibicións especiais.

CAPÍTULO VIII. DOS USUARIOS

Artigo 30º.

A prestación do servizo efectuarase de conformidade co principio constitucional de igualdade. A preferencia para a prestación do servizo corresponderá ó que, con estrita suxeición á orde temporal, primeiro o solicite.

Artigo 31º.

Son dereitos dos usuarios do servizo, os seguintes

a) Ter acceso ós servizos en condicións básicas de igualdade.

b) Estar claramente informado das normas de funcionamento do mercado, dos seus dereitos e obrigas.

c) Te-la garantía de que os servizos se prestan con continuidade.

d) Utilizar as instalacións referidas de conformidade co presente regulamento e a normativa xeral reguladora destas.

e) Solicitar das autoridades municipais o correcto funcionamento e estado das instalacións, denunciando cantas irregularidades poidan observar nestas.

f) Presenta-los recursos, queixas e reclamacións procedentes contra os actos de xestión do servizo, perante a Alcaldía do concello ou mediante a demanda da tutela xudicial, chegado o caso.

g) Os demais dereitos recoñecidos pola normativa de aplicación.

Estes dereitos deberán de ser garantidos polo concello, tendo dereito os particulares a esixi-la súa observancia a través dos sistemas de participación fixados pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

Artigo 32º.

Son deberes dos usuarios do servizo:

a) Cumpri-las disposicións que regulan a utilización do mercado municipal.

b) A utilización en xeral das instalacións incluídas no eido deste regulamento, de conformidade co seu destino e natureza, sen dano ou menoscabo ningún nestas e con pleno respecto ós dereitos dos demais usuarios destas.

c) O acatamento das instrucións que, en cumprimento deste regulamento ou da normativa xeral reguladora, lle sexan dadas polo concello ou xestor responsable.

d) O pagamento dos danos ocasionados ás instalacións mediando dolo ou culpa.

e) Non tocar nin manosea-las mercadorías expostas ó público, cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorables.

CAPÍTULO IX. DAS COMPETENCIAS.

Artigo 33º.

1. É competencia do Pleno da Corporación:

a) A aprobación, modificación ou derrogación do presente regulamento.

b) A aprobación, modificación e derrogación da ordenanza fiscal correspondente, de ser o caso.

c) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.

d) A aprobación da forma de xestión do servizo.

e) O cambio, a supresión do mercado ou a construción doutro novo.

f) As demais que lle confira nas Leis.

2. É competencia da Alcaldía-Presidencia:

a) Adxudicar as paradas do mercado.

b) A dirección, inspección e impulsión do servizo do mercado.

As citadas atribucións poderán ser delegadas na Xunta de Goberno Local nos casos e mediante o procedemento previsto na normativa reguladora de réxime local.

CAPÍTULO X.- OBRAS, INSTALACIÓNS E SERVIZOS

Artigo 34º .

As obras e instalacións que se realicen nos postos, requirirán a autorización previa do Concello, que poderá impoñer a clase e a calidade dos materiais de construción, as características estéticas, os modelos ou os tipos dos sistemas de ventilación, acondicionamento do aire, instalacións frigoríficas e cantas outras condicións considere axeitadas para manter a harmonía do recinto.

Artigo 35º.

As obras e instalacións realizadas nos postos reverterán libres de cargas e gravames ao Concello unha vez extinguida a concesión.

Artigo 36º .

1. Os concesionarios dos postos consentirán forzosamente a execución de obras de interese común ou necesarias para o funcionamento dos servizos que acorde o Concello sen xerar dereito a indemnización.

2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior, se a consecuencia destas obras se impedise o exercicio da actividade do titular, o canon concesional que, no seu caso, se establecese, diminuirá proporcionalmente ao tempo de interrupción forzosa da actividade comercial.

CAPÍTULO XI.- PROCEDEMENTO SANCIONADOR

Artigo 37º .

O procedemento sancionador tramitarase segundo o disposto no Real Decreto 1398/1993, do 24 de agosto.

Artigo 38º.

Para os efectos deste regulamento, as infraccións catalogaranse en faltas leves, graves e moi graves.

Artigo 39º .

Terán a consideración de faltas leves as seguintes:

a) Non manter nas debidas condicións de conservación e limpeza os postos, panos, envolturas e accesorios.

b) Rebordar coa mercadoría ou materiais as dimensións do posto.

c) Ocupar coa mercadoría os elementos comúns do mercado.

d) Ensuciar ou verter augas residuais nos corredores ou zonas comúns do mercado.

e) Tratar con descortesía ao público, aos outros concesionarios ou aos empregados municipais.

f) Introducir mercadorías fóra do horario establecido.

g) Depositar os residuos fóra dos colectores.

h) Non utilizar mandilón, guantes e gorro de protección, ou as medidas axeitadas hixiénico sanitarias.

i) Non comunicar ao Concello que o posto non será rexentado persoalmente polo concesionario.

j) O incumprimento do horario de atención ao público, retrasos na apertura e peche anticipado sen causa xustificada.

k) A falta de posesión de albarán xustificativo de compra da mercancía.

l) Calquera outro incumprimento do disposto no presente regulamento que non sexa cualificado como falta grave ou moi grave.

Artigo 40º .

Terán a considerararanse faltas graves:

b) A desobediencia ás ordes municipais ou a negativa a colaborar cos servizos de inspección.

c) O peche do posto durante máis de quince días sen motivo xustificado.

d) Non ter as tarifas de prezos expostas ao público.

e) A venda de alimentos sen as debidas condicións hixiénico- sanitarias, sempre e cando non teña a consideración de falta moi grave.

f) A venda de produtos alimenticios sen o posuír o carné de manipulador de alimentos.

g) A realización de obras menores que non afecten á estrutura do posto, sen autorización municipal.

h) A negativa a colaborar cos servizos de inspección.

i) Incumprir os requisitos establecidos para a venda de produtos nos postos eventuais.

j) Situarse nunha localización distinta da sinalada na autorización outorgada para o posto de venda eventual.

k) A defraudación na calidade e/ou cantidade dos artigos vendidos.

l) A falta de pagamento dos dereitos correspondentes aos prazos sinalados en cada caso.

m) As ofensas aos usuarios do servizo, aos funcionarios municipais ou a calquera outra persoa que se atope no mercado.

n) A falta de información ao consumidor sobre as mercadorías.

o) Causar, dolosa ou neglixentemente, danos ao edificio, unidades comerciais e instalacións.

p) Contratar persoal asalariado, sen comunicación ao Concello ou á marxe das prescricións sinaladas pola lexislación vixente.

q) Que os produtos postos á venda polos agricultores non reúna algún dos requisitos sinalados no artigo 10º.

r) A comisión de dúas faltas leves nun prazo de doce meses.

Artigo 41º .

Terán a considerararanse faltas moi graves:

a) A realización de transaccións non amparadas polo contrato.

b) Manter o posto pechado durante máis de dous meses sen autorización municipal.

c) A transmisión da concesión sen autorización municipal.

d) A deterioración grave das instalacións comúns da Praza de Abastos.

e) A realización de obras no posto que poidan afectar á estrutura do posto ou do mercado sen a preceptiva autorización municipal.

f) A falta de pagamento do canon, no seu caso, durante dous vencementos consecutivos.

g) Poñer á venda artigos en malas condicións hixiénico-sanitarias, burlando o recoñecemento da inspección ou que poidan supoñer risco para a saúde e/ou seguridade das persoas.

h) Causar dano intencionadamente ás instalacións.

i) A comisión de dúas faltas graves nun período de doce meses.

Artigo 42º.

Pola comisión das faltas indicadas imporanse as seguintes sancións:

a) Faltas leves: multa de 30 euros ata 600 euros.

b) Faltas graves: multa de 601 a 1.200 euros.

c) Faltas moi graves: multa de 1.201 a 3.000 euros e posibilidade de rescate da concesión sen dereito a indemnización

Artigo 43º .

A prescrición das infraccións producirase:

a) Faltas leves: aos 2 meses.

b) Faltas graves: aos 6 meses.

c) Faltas moi graves: aos doce meses.

CAPÍTULO XII.- DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS

Artigo 44º.

1. Todas as cuestións ou problemas referidos en materia de mercado, calquera que sexa a súa natureza e condición, non previstas no presente regulamento, serán resoltas polo Órgano Competente do Concello.

2. Calquera dúbida na interpretación do presente regulamento será resolta, así mesmo, polo órgano municipal competente, sendo a súa resolución executiva, sen prexuízo dos recursos e/ou reclamacións que, de ser o caso, poidan interpoñelos interesados.

3. En caso ningún as disposicións do presente regulamento e demais normativas establecidas polo Concello contravendrán as Leis, normas e demais disposicións de carácter xeral en materia de mercado.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

As persoas que na actualidade rexentan en réxime de concesión un posto no mercado municipal de abastos poderán permanecer ocupando os mesmos durante o período no que a citada concesión estea en vigor, sempre e cando non concorrese causa ningunha que dera lugar á rescisión da concesión.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Queda derrogado o Regulamento do novo mercado municipal de Ordes aprobado polo Pleno Corporativo en sesión celebrada o 30 de xuño de 1980.

DISPOSICIÓN FINAL.

O presente Regulamento, que consta de 44 artigos, unha Disposición transitoria, unha Disposición derrogatoria e unha Disposición final, entrará en vigor unha vez sexa aprobado definitivamente polo Pleno Corporativo, sexa publicado o seu texto íntegro no BOP e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

2011/6879

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Aprobación del padrón de la tasa por el servicio de recogida de basuras, ejercicio 2011. Exposición al público

EDICTO

La Junta de Gobierno Local, en sesión extraordinaria, de fecha 6 de mayo de 2011, aprobó el padrón tributario correspondiente a la tasa por la prestación del servicio de recogida de basuras, ejercicio de 2011, así como la apertura de un periodo de información pública por plazo de quince días hábiles a partir de la publicación del presente edicto en el BOP, durante el cual todos los interesados podrán consultar su contenido en la Secretaría del Ayuntamiento y presentar las alegaciones que estimen oportunas.

PERÍODO DE COBRO EN VOLUNTARIA: del 15 de septiembre al 20 de noviembre del año en curso.

LUGAR DE PAGO:

En la Tesorería de la Diputación Provincial.

En las cajas de efectivo de las zonas de recaudación.

En las entidades colaboradoras, bien en las oficinas, en los cajeros automáticos o por internet.

MEDIOS DE PAGO:

En efectivo por alguno de los siguientes medios:

Dinero de curso legal.

Cheque.

Cualquier otro que autorice el presidente da Diputación.

RECURSOS:

Contra el acto de aprobación del padrón y de las liquidaciones incorporadas a éste, podrá formularse recurso de reposición ante la Junta de Gobierno Local en el plazo de un mes, contado desde el día siguiente al de la finalización del plazo de exposición pública, o bien recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de A Coruña, sin que pueden interponer ambos simultáneamente.

Trascurrido el período de pago en voluntaria las deudas serán exigidas por el procedimiento de apremio con el correspondiente recurso de mora y costas que se produzcan, de ser el caso.

Ordes, 12 de mayo de 2011.

EL ALCALDE-PRESIDENTE

Manuel Regos Boquete

2011/6881

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Oferta de emprego público

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 110/ 2011 DO 6 DE MAIO. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO .

Vista o Anexo de Persoal ao Orzamento Xeral do Exercicio 2011 deste Concello de Ponteceso en vigor dende a súa publicación no BOP o día 6 de maio de 2011.

Tendo en conta o disposto no artigo 21.1 g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúe competencia á Alcaldía para aprobar a oferta de emprego público de acordo co presuposto e o cadro de persoal aprobados, e o artigo 128 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, que determina que a oferta de emprego público aprobarase e publicarase anualmente dentro do prazo dun mes desde a aprobación do orzamento.

En uso das competencias que me confire a normativa vixente, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Aprobar a oferta de emprego público para este ano 2011, que, dacordo co orzamento e o cadro de persoal en vigor, aprobados polo Pleno da Corporación, inclúe os seguintes postos de traballo vacantes e dotados presupostariamente:

Personal funcionario de carrera

1.-Grupo C/ Subgrupo C1. Clasificación: Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativo. Vacantes: unha. Denominación: Administrativo de Administración Xeral: promoción interna (Disposición Transitoria 2º do EBEP)

SEGUNDO: Ordenar a publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia e anuncio resumido no Diario Oficial de Galicia, a efectos de coñecemento.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, en Ponteceso a 6 de maio de 2011, ate mín a Secretaria que dou fe.

O alcalde	A secretaria
José Luis Fondo Aguiar	Cristina Castro Fuentes

2011/6575

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Exposición pública do padrón de ocupación de postos no mercado do terceiro trimestre de 2010

ANUNCIO

Con data 5 de maio de dous mil once, o alcalde-presidente dictou a seguinte resolución:

"Decreto: 393. Fecha decreto: 05/05/2011. Texto fecha decreto: cinco de maio de dous mil once. Descrición decreto: OCUPACION POSTOS MERCADO 3 TRIMESTRE 2010.

DON GABRIEL TORRENTE PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Visto o padrón das taxas pola ocupación de postos no mercado municipal correspondentes ó terceiro trimestre do período impositivo de 2010.

De acordo coas atribucións que me confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.–Aproba-lo padrón das taxas de ocupación de postos no mercado municipal correspondente ó segundo trimestre do 2010 e as liquidacións resultantes deste, cos seguintes datos:

Concepto	N.º recibos	Contribuínte primeiro e último	Importe total
Ocupación postos mercado 3.º trimestre 2010	19	- Amado Vázquez, Lucía - Vázquez Piñeiro, Luis	1.620,75 €

SEGUNDO.–Expoñer ó público tódolos datos incorporados ó padrón que se aproba mediante edicto que se debe publicar no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación. Esta exposición, polo prazo de quince días dende a correspondente publicación, servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (segundo redacción dada pola Lei 25/95, do 20 de xullo).

TERCEIRO.–Contra as liquidacións incorporadas ó padrón tódolos interesados poderán interpor recurso de reposición ante esta alcaldía, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ó remate da exposición ó público do padrón. A interposición do recurso non suspende a eficacia das liquidacións correspondentes, agás que se solicite a suspensión e se presente garantía nos termos establecidos no apartado l) do precepto anteriormente mencionado. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes, dende a súa interposición. Contra a desestimación presunta do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses dende a notificación da resolución expresa ou de seis meses dende que se produza a desestimación presunta, tal como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa. Tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se estime conveniente.

CUARTO.–O prazo de cobramento en período voluntario abranguerá dende o día 15 de maio ao 15 de xullo de 2011. O pagamento farase efectivo nas oficinas de Caixa Galicia n.º conta 20910201503110000076. Tamén existe a posibilidade de domicilia-lo pagamento das liquidacións nas entidades financeiras . Transcorrido este prazo iniciarase o período executivo e a débeda resultante esixirase polo procedemento de apremio, co recargo do vinte por cento e os xuros de mora que se xeren dende o inicio do devandito período. Non obstante, o recargo será do dez por cento e non se esixirán xuros de mora se a débeda se paga antes de recibi-la notificación da providencia de apremio.

Pontedeume, cinco de maio de dous mil once.

O ALCALDE

Asdo.-Gabriel Torrente Piñeiro

2011/6834

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Licenza

ANUNCIO

Solicitada licencia municipal por D. José María Durán Sueiras, como administrador da empresa Ambulancias Ferrolanas, S.L., para o establecemento dun servicio de ambulancia, clase C, co vehículo marca Mercedes Benz, modelo 319CDI, matrícula 1062 GRB, exponse ó público polo prazo de quince días ó obxecto de que polos interesados e as asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alega-lo que estimen conveniente en defensa dos seus dereitos.

As Pontes, 8 de xullo de 2010.

O ALCALDE

Asdo.: Valentín González Formoso

2011/6685

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Licenza

ANUNCIO

Solicitada licencia municipal por D. José María Durán Sueiras, como titular da empresa Ambulancias Ferrolanas, S.L., para o establecemento dun servicio de ambulancia, clase C, co vehículo marca Mercedes Benz, modelo 316 CDI, n.° bastidor WDB 9066, exponse ó público polo prazo de quince días ó obxecto de que polos interesados e as asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan alega-lo que estimen conveniente en defensa dos seus dereitos.

As Pontes, 28 de febreiro de 2010.

O ALCALDE

Asdo.: Valentín González Formoso

2011/6686

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases xerais e específicas para a provisión de prazas de persoal laboral fixo incluídas na oferta de emprego público 2008

ANUNCIO

A alcaldía deste Concello a través do Decreto 704/2011 do seis de maio, aprobou as seguintes bases da convocatoria de prazas incluídas na oferta de emprego público 2008:

BASES XERAIS PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDADE DAS PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE SADA PARA O ANO 2008.

1ª.-Obxecto da convocatoria e procedementos de selección.

1.1.- Obxecto da convocatoria:

É obxecto das presentes bases xerais a regulación da provisión en propiedade das prazas vacantes de persoal laboral incluídas na Oferta de emprego público do Concello de Sada para 2008 aprobada por Decreto da Alcaldía 888/2008 do dezaseis de xuño (BOP nº 166 de 19/07/2008, DOG nº 141 de 22/07/2008).

PERSOAL LABORAL FIXO		
Categoría profesional	Núm. vacantes	Denominación
Grupo V	1	Telefonista
Grupo V	1	Operario

As funcións propia do posto de telefonista son: - Atención da centraliña. - Información e atención de carácter xeral ó público.

As función propias do posto de operario son: as propias do oficio que se lle encomenden para mantemento dos servizos municipais e limpeza pública. Coas características e funcións que se describen especificamente na ficha descritiva da Relación de Postos de traballo vixente no Concello de Sada.

1.2 Procedementos de selección.

Oposición libre para as dúas prazas.

2ª.- Normativa de aplicación:

Os correspondentes procesos selectivos regularanse polo disposto nestas bases xerais e nas específicas de cada praza e a convocatoria, e no que non estea previsto nelas segundo as seguintes disposicións:

– Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

– Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público. (en adiante EBEP)

– Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da función pública de Galicia

— Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia,

– Real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

– Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

– Regulamento de selección do persoal da administración da Comunidade Autónoma de Galicia, do 20 de marzo de 1991, e supletoriamente Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado.

– As demais disposicións que sexan de pertinente aplicación.

3ª.- Condicións das persoas aspirantes:

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un á data en que termine o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización do contrato.

a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do EBEP.

b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa .

c) Estar en posesión do título que en cada caso se sinale na convocatoria específica respectiva, ou en condicións de obtelo na data en que termine o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias) da Credencial que acredite a súa homologación.

d) Compatibilidade funcional: Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira.

e) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no caso de que fose separado ou inhabilitado. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais dos demais estados membros da Unión Europea ou doutros Estados, no seu caso.

f) Os requisitos especiais que, no seu caso, se poidan establecer nas convocatorias específicas.

4ª.-Presentación de instancias:

1.- As instancias para solicitar tomar parte no proceso selectivo, dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello debidamente cubertas, durante o prazo de vinte días naturais contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de cada convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Poderán, así mesmo, remitirse na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. (en adiante LRXAP)

Se, conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a todos os efectos.

Para ser admitido/a e, no seu caso, tomar parte nas probas selectivas, bastará con que as persoas aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todos e cada un dos requisitos xerais esixidos na base segunda así como os específicos que se esixan nas convocatorias específicas, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

2. A instancia irá acompañará inescusablemente de:

a) Carta de pagamento acreditativa de que se procedeu ao aboamento do importe das taxas de tramitación do proceso de selección, de acordo coa ordenanza fiscal reguladora vixente no prazo de presentación de solicitudes. As taxas ingresaranse nalgunha das seguintes contas bancarias municipais:

CAIXAGALICIA 2091/0035/83/3110000028

BANCO DE GALICIA 0075/8989/13/0600093769.

Só se devolverá no caso de que a persoa aspirante non sexa admitida ao proceso selectivo.

En ningún caso a presentación e pago das taxas suporá a substitución do trámite de presentación de instancia. Asemade a ausencia de xustificante do seu aboamento, dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión da persoa aspirante.

b) Fotocopia do D.N.I. ou resgardo do mesmo, pasaporte ou carné de conducir. No suposto de ser nacional doutros Estados pasaporte ou documento válido correspondente que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible, e no seu caso permiso de residencia en vigor.

c) Calquera outro documento que poida establecer a convocatoria específica

5ª.-Admisión de persoas aspirantes. Data, hora e lugar nos que terán lugar as probas

Terminado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía-Presidencia ditará resolución pola que declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, con indicación do prazo para emendar que nos termos da LRXAP se lles concede

aos/ás aspirantes excluídos/as, e determinando así mesmo o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e a composición do tribunal.

Esta resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia e exporase no taboleiro de anuncios do Concello.

Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal (www.concellodesada.com)

A publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia será determinante dos prazos para os efectos de posibles impugnacións ou recursos.

A lista provisional elevarase a definitiva polo transcurso do prazo de reclamacións, se non as houber. No caso contrario, exporase de novo a lista definitiva, no mesmo lugar que a provisional, así como a resolución das solicitudes de abstención ou recusación nun prazo máximo dun mes a partir da finalización do prazo de reclamacións.

O feito de figuraren na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superaren o proceso selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación no procedemento.

6ª.-Órganos de Selección

Os órganos de Selección dos procesos selectivos para o ingreso de persoal designaranse de conformidade có disposto no artigo 60 do EBEP e no Real decreto 896/1991, de 7 de xuño.

Os órganos de Selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade e tenderan á paridade entre muller e home. A pertenza aos mesmos será sempre a título individual e non poderá exercerse esta en representación ou por conta de ninguén.

A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír un nivel de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso ás prazas convocadas. Os membros do tribunal deberán ser funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo.

O tribunal estará constituído por un presidente, catro vogais e un secretario, que actuará con voz e sen voto, así como os seus respectivos suplentes. A composición nominal do tribunal establecerase mediante Resolución da Alcaldía, xunto coa aprobación da listaxe de admitidos/as e excluídos/as.

Ningún tribunal poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes e, en todo caso, requírese a asistencia do presidente e do secretario ou os que legalmente os substitúan.

No caso de vacante por ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, o/a presidente/a será substituído/a, segundo o disposto na resolución que o/a nomeou. No caso de que tampouco poida concorrer a persoa substituta, corresponderalle a presidencia do órgano de selección ao vogal de maior antigüidade e de máis idade de entre os seus membros.

No caso de vacante por ausencia, enfermidade ou calquera outra causa legal, o/a secretario/a será substituído/a, segundo o disposto polo órgano que o/a nomeou. No caso de que tampouco poida concorrer a persoa substituta, corresponderá a función de secretario a un dos vogais, tras o acordo adoptado polo órgano de selección.

Os membros dos órganos de Selección deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da LRXAP, notificándollo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo con o artigo 29 da mencionada Lei.

Os órganos de Selección poderán dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así o consideren necesario ou conveniente. Estes/as asesores/as actuarán con voz e sen voto, e limitaranse ao exercicio das especialidades técnicas polas cales colaboran co respectivo tribunal.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, estes estarán clasificados nas categorías que establece o número 1 do artigo 30 do Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O órgano de Selección resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas normas. Así mesmo queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas no non previsto nestas bases.

7ª.-Desenvolvemento das probas e programas

a) A publicación dos sucesivos anuncios para a celebración das probas restantes, así coma a listaxe dos aspirantes aprobados en cada exercicio, efectuarase nos locais onde teñan lugar estes e no taboleiro de Edictos da Casa do Concello.

b) Os/as aspirantes serán convocados/as para cada exercicio en chamamento único salvo casos de forza maior debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal.

c) Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

O Tribunal identificará aos/ás opositores/as ao comezo de cada exercicio e poderá requirir, en calquera fase do proceso selectivo, que se identifiquen debidamente. Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún/algunha dos/as aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do/a interesado/a, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

d) A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan ter lugar conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra L, de conformidade có establecido na Resolución de 1 de febreiro de 2011, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o 1/02/2011 á que se refire o artigo 9 do Regulamento de Selección do persoal da Comunidade Autónoma de Galicia e cuxo resultado foi publicado no DOG 7/02/2011. De non existir aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

e) Nas convocatorias específicas que completan a presente unitaria, concretarase o contido de cada proba, a súa forma de desenvolvemento, o sistema de cualificación dos exercicios e os programas respectivos.

f) Os exercicios celebraranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos opositores, membros do Órgano de selección e os colaboradores designados por este.

Os exercicios que teñan lugar por escrito poderán ser lidos publicamente, se así o acorda o Órgano de selección, podendo este dialogar có/a aspirante có fin de determinar os seus coñecementos sobre o contido do exposto.

Na realización e corrección dos exercicios escritos que non sexan de exposición ou lectura pública garantirase o anonimato, podendo utilizar o Órgano de selección os medios que considere oportunos.

Nos exercicios que comprendan probas físicas, o Órgano de selección poderá esixir o certificado médico correspondente que acredite que os/as aspirantes se encontran nas debidas condicións para realizalas ou sometelo/a a recoñecemento médico previo.

g) As cualificacións dos/as aspirantes aprobados/as en cada un dos exercicios serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

h) Se o Órgano de selección, de oficio ou con base nas reclamacións que os interesados poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á realización de un exercicio, anulase algunha ou algunhas das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello. Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada conforme o previsto no artigo 114 da LRXAP.

8ª.-Relación de aprobados/as

Unha vez terminada a cualificación dos/as aspirantes, o Órgano de selección publicará a relación de aprobados que estará integrada polos aspirantes que tendo superados todos os exercicios obrigatorios obtiveran a puntuación total máis alta, e elevará esta relación ao Ilmo. Sr. Alcalde para os efectos de formalización dos contratos laborais.

Declárase expresamente que os respectivos Órganos de selección que se designen para xulgar as distintas probas selectivas non poderán declarar que as aprobaron un número de persoas aspirantes superior ao de prazas convocadas.

9ª.-Presentación de documentos

As persoas aspirantes propostas achegarán dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados/as, os documentos seguintes:

1.-Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título académico esixido na respectiva convocatoria específica en base ao cal se procedeu á admisión, ou ben xustificante de cumprir todos os requisitos para a súa expedición. Se este documento estivese expedido despois da data de remate do prazo de presentación de instancias, deberá xustificarse a data en que finalizaron os correspondentes estudos.

2.-Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira. No suposto de discapacitados/as, terase en conta tamén o que establece a base undécima da presente convocatoria.

3.-Declaración xurada de que non foi separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado ás comunidades autónomas ou ás entidades locais, nin atoparse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por resolución xudicial.

4.-Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na lexislación vixente sobre a materia referido ao momento da súa toma de posesión.

5.- Fotocopia do número de afiliación a Seguridade social (no caso de que se estivera dado/a de alta nela).

6.- Datos bancarios para domiciliación de pagos

7- Enderezo, teléfono de contacto, declaración de situación familiar a efectos de IRPF.

Para o suposto que tivera a condición de funcionario/a público/a, estarase exento/a de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar certificación da administración pública ou organismo público do que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal, ou folla de servizos, e, en todo caso, fotocopia compulsada do título esixido nas bases específicas.

10ª.- Contratación de persoal laboral. Formalización do contrato.

As persoas aspirantes que tiveran superado o proceso selectivo e acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria coa presentación da documentación sinalada na Base novena, serán contratados mediante a formalización do contrato correspondente que será ordenada por resolución da alcaldía. Efectuarase no prazo trinta días naturais, a contar desde o seguinte ao que lle sexa notificada a proposta de contratación.

Na resolución de formalización de contrato establecerase un período de proba de acordo coa normativa de aplicación. Os contratos resolveranse cando, por resolución motivada da Alcaldía e de acordo co procedemento establecido nas bases específicas, os/as aspirantes contratados non superaran o período de proba.

Os/as aspirantes que formalicen contrato quedarán obrigados a realizar o traballo no horario e forma requiridos polo servizo, con horario de mañá, tarde ou xornada partida. As xornadas e horarios de traballo determinaranse segundo as normas establecidas no convenio colectivo de persoal laboral do Concello de Sada vixente no momento de formalización do contrato.

11ª.-Persoas con discapacidade

Os/as aspirantes con discapacidade farán constar na instancia se precisan adaptación para as probas e que tipo. A solicitude de adaptación poderá ser formulada por calquera aspirante con discapacidade debidamente acreditada, sen prexuízo da quenda pola que concorra ás probas selectivas.

12ª.- Publicidade do proceso selectivo e protección de datos.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información das persoas aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello e, se fose o caso, no BOP da Coruña. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Sada, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación có desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Sada, Avda. da Mariña 25, 15160, Sada.

13ª. Listas de reserva.

a) Para a cobertura das renuncias das persoas seleccionadas nas convocatorias que regulan estas bases xerais, poderá acudirse a aqueles procesos selectivos finalizados ao amparo da presente convocatoria nos que houbese aspirantes que superaran todos os exercicios da fase de oposición e non obtiveran praza, debendo optarse polos/as opositores/as que acumulen mellor puntuación.

b) O chamamento efectuarase por medio de telegrama ou calquera outro medio que permita ter constancia da súa recepción polo/a interesado/a.

Os que sendo chamados para facer efectiva a contratación non se presentasen no prazo de 48 horas ou renunciasen ó mesmo, perderán os seus dereitos, sendo excluídos das listas, agás os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados. De producirse este suposto chamarase ó/a seguinte da lista.

14ª. Impugnacións.

As presentes Bases así como as convocatorias e súas respectivas Bases específicas cantos actos administrativos deriven destas e da actuación dos tribunais poderán ser impugnadas polas/os interesadas/os nos casos, termos e forma que prevé a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa.

BASES DA CONVOCATORIA ESPECIFICA PARA A PROVISION EN PROPIEDADE DUNHA PRAZA DE TELEFONISTA

1ª.- Obxecto da convocatoria: A provisión dunha praza vacante do cadro persoal laboral fixo do Concello de Sada, de conformidade coas seguintes bases especificas que completan as bases xerais da convocatoria unitaria para a provisión en propiedade das prazas de persoal laboral fixo incluídas na oferta de emprego público desta Concello do ano 2008.-

A praza está encadrada na cadro de persoal laboral fixo. Grupo V, nivel 14, denominación: Telefonista.

Equiparada ó grupo de clasificación de funcionarios: agrupacións profesionais (grupo E segundo a Lei 30/1984).

O número de prazas que se convocan é UNHA (1)

As funcións do posto de traballo serán as propias de telefonista segundo a relación de postos de traballo (RPT) vixente neste Concello.

2.-Requisitos das persoas aspirantes.

Para ser admitido/a á realización das probas, os/as aspirantes deberán reunir, ademais das condicións e requisitos establecidos nas bases xerais da convocatoria, os seguintes requisitos:

- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

3.-Documentación.

Os/as aspirantes que desexen participar no proceso selectivo deberán presentar a correspondente instancia de conformidade co establecido na base cuarta das xerais. O importe das taxas de tramitación de solicitudes do proceso de selección ascende a 6 € (euros) segundo o establecido na ordenanza fiscal núm. 6 deste Concello.

Aos efectos de exención da realización do exercicio de coñecemento de lingua galega os/as aspirantes deberán presentar ,no prazo de presentación de instancias, orixinal ou copia compulsada do título CELGA 2, validación, equivalente ou superior.

4.-Tribunal cualificador.

Constituirase segundo o disposto na base sexta das xerais e actuarán de conformidade co estipulado nela.TFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA

5.- Contido do proceso selectivo, forma de desenvolvemento e sistema de cualificación.

O sistema selectivo será o de oposición. Constará de tres exercicios, sendo os dous primeiros de carácter obrigatorio e eliminatorio e o terceiro de carácter eliminatorio e obrigatorio para aqueles que non presenten a documentación establecida na base 3ª.

-Primeiro exercicio: consistirá en contestar por escrito un cuestionario tipo test composto por 40 preguntas e catro de reserva, sobre o temario que figura como anexo das presentes bases, con catro respostas alternativas, sendo unicamente unha delas a correcta. Cada tres respostas erróneas descontarán unha correcta.-

O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora. O exercicio cualificarase sobre 10 puntos, a razón de 0,25 puntos por cada resposta correcta. Sendo necesario acadar 5 puntos para a súa superación

-Segundo exercicio: Consistirá na realización dun exercicio práctico integrado por unha ou varias probas relacionadas coas funcións do posto de traballo obxecto desta convocatoria e co seu temario anexo, no tempo que determine o tribunal. O exercicio cualificarase sobre 10 puntos. Sendo necesario acadar 5 puntos para a súa superación

